

**Ponteareas licita a humanización da rúa Redondela por 520.000**

Páxina V

**Marcos Porto renuncia á presidencia do Club Ciclista Ponteareas**

Páxina VI

**O Concello e o IES Salvaterra daránlle cor aos espazos públicos**

Páxina XI

**As Neves acomete a mellora de Rosalía de Castro e a súa contorna**

Páxina XII

**Vilasobroso reclama a "debeda histórica" con Mondariz por vía xudicial**

Páxina XV



## Acordo para a renovación estrutural da Ponte internacional Salvaterra-Monção

Páxina IX

**Óptica mahen**  
*mahen* audíoprótesis      Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

**P O N T E A R E A S**

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

## CONDADO/PARADANTA

# PROGRAMA cultural

## novembro

**MÉRCORES20**

18h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **Facer fronte ás violencias machistas.** Actividades e obradoiros.

**VENRES22**

16h **Venres polo planeta.** Acción xuvenil medioambiental\*  
20h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **Cine: "Unha cuestión de xénero"** *Mocidade Viva*

**SÁBADO23**

9h Parque das Pombas. **Torneo de petanca.** Organiza Club de petanca El Parque. 12h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **"Tilín e Tilón en Estrazalonia"** a cargo do Baúl da tía tola. Programa **Apego**. 21h Auditorio Municipal. **"Relatos negros"**, a cargo de Manuel Manquiña. Abismo Caracol.

**DOMINGO24**

10h Saída da Freixa. **Coñece Ponteareas:** o baixo Tea.

**LUNS25**

12h Casa do Concello, salón de Plenos. Acto institucional polo **Día Internacional Contra as Violencias Machistas.**  
17:30h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **Charla: Información sobre produtos financeiros.**

**MÉRCORES27**

18h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **Facer fronte ás violencias machistas.** Actividades e obradoiros

**VENRES29**

20:30h Auditorio Municipal. **"Os mellores monólogos"**, a cargo de Carlos Blanco. AGADIC

**SÁBADO30**

20h Auditorio Municipal. **Concerto teatralizado** da Banda de Música Unión de Guláns.

**DOMINGO1 decembro**

17:30h Centro urbano. **Espectáculo de rúa "A luz do camiño"** e inauguración alumeado de Nadal.

**MARTES3 decembro**

17:30h CEIP Nosa Señora dos Remedios. **Formación para profesorado sobre o Trastorno de Espectro Autista**

**MÉRCORES4 decembro**

19h Auditorio, sala multiúsos. **Charla educativa para pais e nais.**

**VENRES6SÁBADO7DOMINGO8 decembro**

Pavillón "Álvaro Pino". **Hockey. Memorial Kiko Represas.**

**DOMINGO8 decembro**

18h Auditorio Municipal **"Invisibles"**, de Redrum Teatro.

**VENRES13 decembro**

16h **Venres polo planeta.** Acción xuvenil medioambiental\*  
18h Auditorio Municipal, sala multiúsos. **"Onde está Larry?"**, a cargo de teatro Calavera. Programa **Apego**.

Ata o 10 de decembro. Auditorio Municipal. Exposición de pintura "Voa con nós", realizada por usuarias de Avelaíña. Reserva visita guiada: 886 311 663

**\*Venres polo planeta:** Actividade xuvenil de acción e sensibilización desenvolvida polo voluntariado medioambiental. Máis información: 687 764 516

**Programa Apego:** Programa familiar de socialización da lingua galega entre os 0 e 6 anos. [www.apego.gal](http://www.apego.gal)

**Queres recibir a programación no teu teléfono móbil?** Garda nos teus contactos o teléfono +34687035487, e a continuación envía un whatsapp coa mensaxe "Alta"

**PONTEAREAS**  
CONCELLO  
[www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal)

## FORO A PENEIRA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
[guillermo@novasdoeixoatlantico.com](mailto:guillermo@novasdoeixoatlantico.com)

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
[cursosespanhol.cep@gmail.com](mailto:cursosespanhol.cep@gmail.com)

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
[x.foroapeneira@gmail.com](mailto:x.foroapeneira@gmail.com)

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
[x.foroapeneira@gmail.com](mailto:x.foroapeneira@gmail.com)

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira [Luzro81@hotmail.com](mailto:Luzro81@hotmail.com), Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## PONTEAREAS

## Adxudicadas as obras de mobilidade peonil en Guláns

O alcalde de Ponteareas Xosé Represas e a Concelleira de Vías e Obras Chus Garrote informan que se veñen de adxudicar as obras de mellora da mobilidade peonil na EP-4004 no acceso á igrexa de Guláns. Este proxecto foi adxudicado por 305.023,73€ (ive incluído), dos que a Deputación de Pontevedra financia o 80% e o concello o 20%. As obras terán un prazo de execución de cinco meses e unha vez rematadas o total do tramo reformado pasará a ser de titularidade do Concello.

A actuación, impulsada polo departamento de Mobilidade provincial a petición do concello, pretende aumentar a seguranza viaria con elementos de calmado de tráfico e unha plataforma única entre os equipamentos, de feito que se habilita unha 'zona 30' de velocidade máxima. Darase así resposta ás continuas reclamacións da veciñanza da zona e do alumnado do centro de ensino trasladada-



das polo concello de Ponteareas para rematar coas situacións de perigo para as persoas que pasan camiñando polo ámbito de actuación (un treito de medio quilómetro da estrada provincial EP-4004).

Chus Garrote explica que o proxecto, que se realizará en colaboración coa concellería de Mobilidade que dirixe Roberto Mera, inclúe a creación dunha nova beiravía na marxe esquerda aproveitando os sobreanchos existentes. No inicio da actuación construírase un paso de peóns sobreelevado, e ao final, cando se chega á zona de equipamentos (igrexa, cemiterio e colexio) habilitarase a pla-

taforma única de prioridade peonil en formigón e franxas de pedra, todo elo nun área de velocidade máxima a 30 quilómetros por hora. Para aumentar a calidade urbana dotarase á zona dunha nova iluminación, substituíndo as luminarias e os báculos existentes por outras novas de maior eficiencia enerxética, así como instalando balizas led no pavimento para marcar a zona de convivencia.

Os traballos foron adxudicados á empresa Obras, Reformas e Saneamentos S. L. que actuará no tramo que dá acceso á igrexa e o cemiterio de Guláns, así como ao colexio Feliciano Barrera.

## Aberto ata o 8 de novembro o prazo para solicitar as axudas dirixidas a entidades sociais

A concellería de Benestar Social que dirixe Verónica Carrera informa que dende mañá venres 25 de outubro e ata o vindeiro venres 8 de novembro estará aberto o prazo para solicitar as axudas dirixidas a entidades sociais.



Estas axudas están destinadas ás entidades que desenvolvan programas para promover o benestar social da cidadanía de Ponteareas, a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá ou igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que se realicen durante o ano 2019.

Con esta subvención, dotada de 10.000€, darase apoio ás entidades sociais que impulsan

actividades destinadas a persoas maiores, persoas con diversidade funcional, persoas con algunha adicción, etc, en xeral a inserción na sociedade de colectivos desfavorecidos e o fomento da igualdade.

Verónica Carrera informa que as bases poden consultarse na páxina web do concello de Ponteareas no apartado "axudas e subvencións" ou accedendo directamente dende esta ligazón <https://ponteareas.gal/axudas-subvencions/>

## O goberno aproba a liquidación da conta xeral do ano 2018

**Por segundo ano consecutivo o goberno consegue un remanente de tesourería positivo**

O goberno de Ponteareas aproba cos votos en contra da oposición a conta xeral do orzamento correspondente ao ano 2018 que obtivo un remanente positivo de tesourería de 1.933.681,65€, conseguindo por segunda vez colocar na historia contable do concello de Ponteareas un resultado de tesourería positivo.

En base ao informe da interventora as alegacións do Partido Popular á conta xeral do ano 2018 foron rexeitadas dando paso á aprobación destas contas que cumpren coa regra de gastos e que ademais están moi por debaixo do índice de endebedamento permitido aos concellos cun 11,4% de índice de débeda fronte ao 75% permitido pola

lexislación. Ponteareas é así un dos concellos galegos con menor débeda.

O alcalde Xosé Represas lembroulle ao Partido Popular que "tan só catro anos antes, no ano 2014, o remanente de tesourería arroxaba a cifra de máis de cinco millóns negativos"

As contas aprobadas no pleno extraordinario serán permitidas agora ao Consello de Contas de Galicia, como órgano fiscalizador das administracións públicas.

## A Xunta Electoral ratifica a sanción a Chus Garrote

O Grupo Municipal do PP de Ponteareas solicita a Represas que cumpra co seu compromiso de devolver, ás arcas municipais, o diñeiro público que foi utilizado de maneira electoralista na campaña municipal de maio de 2019.

"Os veciños de Ponteareas recibiron nas súas casas unha carta paga polo Concello. A mensaxe estaba asinado pola tenente de Alcalde socialista, Chus Garrote, e levaba o membrete do consistorio. No escrito tentábase desprestixiar á Xunta de Galicia en relación á aprobación do Plan Xeral cun discurso falso e electoralista. Tivemos que poñelo en coñecemento da Xunta Electoral porque estaba claro

que se incumpría a lei", lembran os populares.

A Xunta Electoral xa ditou sentenza firme, tras o recurso presentado pola socialista Chus Garrote, e a edil foi sancionada economicamente.

No pleno o alcalde comprometeuse a tomar as medidas necesarias cando a sentenza fose firme para que ese diñeiro volva ao seu lugar, xa que os partidos políticos non poden utilizar o diñeiro público para facer campaña electoral.

"A sentenza xa é firme, esperamos que eses 2.300 euros sexan devoltos aos veciños de Ponteareas e que isto sirva tamén para que non se repita en futuras eleccións. En política non todo vale", sentencian os populares.

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## ACiP di que o goberno volve a enganar aos veciños co PXOM

O secretario Municipal de Ponteareas emite un informe no que propón unha nova aprobación do documento completo por non poder ver toda a documentación.

O goberno municipal de Ponteareas, o bipartito BNG-PSOE, nunha nova mostra de rirse dos veciños, tivo agochado o documento que remitiu á Xunta para que a oposición non tivera coñecemento.

A Xunta de Galicia volve a deixar en evidencia ao Alcalde e ao seu goberno, requirindo documentación que o Concello non enviou trala aprobación de PXOM no pleno da corporación.

O BNG e PSOE, aprobaron un documento provisional para posteriormente envialo á Xunta de Galicia para a súa revisión e publicación.

O Sr. Represas tardou un

mes en envialo á Xunta para envialo incompleto.

A Xunta solicita ao Concello unha serie de documentación; escrito que se volve agochar no caixón da Alcaldía ata que se viu obrigado a comunicar a nova aos demais grupos pola esixencia de ter que aprobalo novamente na próxima sesión plenaria.

Segundo Juan Carlos González Carrera, "isto é unha demostración dun goberno que vive á marxe das súas responsabilidades e só se dedica a facer propaganda, de cara á galería, prexudicando gravemente os intereses dos veciños de Ponteareas.

Moitos ponteareáns están a coñecer, pouco a pouco, o que incluía o documento que aprobou este goberno, descubrindo os enganados que lles prexudicarán gravemente.

Os documentos que a Xunta

de Galicia require de maneira urxente ao Concello para cumprir coa lexislación administrativa están indicados en 9 folios que inclúen incumprimentos como: - Faltan multitude de planos que enviaron en branco; - Documentos sen asinar correctamente polo secretario dando fe da súa aprobación no pleno; - Planos de zonas de ordenación que non existen; - Falta exposición ao público de distintos convenios; - Erros en cartografía de núcleos; - Planos de cartografía que non delimita os núcleos.

O prazo de tres meses non comeza a contar ata que estea toda a documentación correctamente presentada.

Consideramos "moi grave" o que inclúe o secretario no seu informe que di claramente que o documento debe volver a aprobarse na súa totalidade, e que non puido comprobar a



documentación enviada.

Visto o informe do secretario, os Concelleiros non podemos fiarnos dun documento chapuceiro que presenta un goberno que agocha planos, que non se sabe se son os reais o se os cambian despois.

No mesmo informe, relata que o Concello está a incumplir a normativa da Lei de Protección de Datos, pois teñen datos persoais dos veciños no listados existentes das alegacións presentadas no trámite de exposición ao público.

ACiP sempre denunciou que este Plan Xeral non se fixo en consenso cos veciños e defendendo os seus intereses; son moitos os afectados; nó e temos claro que isto é para favorecer a catro amigos, como sempre denunciámos.

ACiP ten claro que este documento non se pode desenvolver e mata o crecemento do noso rural e será o final do comercio local xa que o PXOM crea zonas de máis de 8.000 metros cadrados para un gran centro comercial.

## O goberno amósase optimista ante a tramitación na Xunta da aprobación definitiva do PXOM

O goberno local de Ponteareas amosouse optimista ante a tramitación da aprobación definitiva do PXOM por parte da Xunta. O Alcalde Xosé Represas explicou que a Dirección Xeral de Urbanismo xa iniciou hai varias semanas a revisión do Plan aprobado en agosto e requiriu documentación ao Concello coa intención de aprobalo definitivamente no prazo de 3 meses.

Concretamente, a Xunta solicita 39 fichas de elementos patrimoniais, das máis de 2.500 coas que conta o Plan enviado á Dirección Xeral. A concelleira Chus Garrote

explicou que "o equipo redactor non adxuntara esas poucas fichas, unha cuestión menor, doada de subsanar e que non conleva ningún retraso para a aprobación definitiva".

Tamén requiren a subsanación dalgunhas incidencias, de carácter informático, detectadas na reprodución dixital dalgúns documentos.

Represas e Garrote explicaron que "estas solicitudes da Xunta entran dentro do habitual na tramitación dos PXOM por ser documentos moi complexos con milleiros de documentos e centos de planos" e non descartaron novas

subsancións formais. Parte do solicitado foi enviado xa directamente por correo electrónico co visto bo da Xunta e para outros é necesaria a formalidade da aprobación no Pleno.

Respecto ás críticas da oposición, o Alcalde amosouse "sorprendido polo interese do PP e ACiP na tramitación dun PXOM que rexeitaron cos seus votos e que, se deles dependese, aínda non estaría na Xunta". Pola súa banda Chus Garrote amosou a súa satisfacción "pola grande preocupación que o PP e ACiP teñen agora porque o Plan se aprobe definitivamente".

## O Pleno aproba os documentos do PXOM solicitados pola Xunta

O Pleno do Concello de Ponteareas deu un novo paso na tramitación da aprobación definitiva do PXOM ao aprobar, cos votos en contra de PP e ACiP, os documentos solicitados pola Xunta de Galicia.

Deste xeito o goberno dá resposta á Dirección Xeral de Urbanismo, quen detectara varios erros materiais e a ausencia dalgúns documentos que debían subsanarse mediante a intervención do Pleno.

O Alcalde sinalou que o acordo do Pleno "é un acto de trámite, unha cuestión administrativa que nada cambia respecto ao aprobado en ago-



to e o importante é que a Xunta está avanzando xa para aprobar definitivamente o PXOM no prazo de tres meses que marca a Lei". Represas lamentou que a oposición continue opoñéndose a un Plan Urbanístico que Ponteareas precisa con urxencia despois de 17 anos de parálise.

## PONTEAREAS

## Ponteareas licita a humanización da rúa Redondela por 520.000 euros

As obras, que tamén contemplan a renovación da rede de saneamento, comezarán antes de rematar 2019

O concello de Ponteareas dá un paso máis na mellora e transformación do núcleo urbano, agora coa obra de humanización da rúa Redondela, e informa que está aberto o prazo para que as empresas poidan presentar as súas ofertas ata o 30 de outubro. Cun orzamento de licitación de 520.226,70€, o concello financia o 20% e os fondos FEDER da Unión Europea no marco da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable", o 80% do custe da obra.

Cumprindo co seu compromiso de facer de Ponteareas un fogar no que vivir o concello comezará a humanizar a rúa Redondela antes de finais de ano facendo realidade o proxecto decidido entre o goberno e a cidadanía. O alcalde Xosé Represas explica que, mediante un proceso participativo a veciñanza da zona recibiu información sobre a transformación a relizar, reuniuse cos técnicos redactores do proxecto, podendo trasladar as súas suxestións e necesi-



Fotografía de arquivo da presentación dos proxectos á cidadanía.

dades chegando mesmo a ser participe da proposta que se vai executar.

A opinión maioritaria decantouse pola alternativa que supón un maior grao de humanización da rúa. Deste xeito, o proxecto contempla, segundo adianta a concelleira de Vías e Obras Chus Garrote, un único sentido de circulación desde a rotonda da estrada de As Neves até o entronque da rúa Redondela coa rúa das Pombas. Desde aí até a rotonda do Axente Comercial manterase o dobre sentido de circulación. A alternativa escollida contempla a ampliación substancial das beirarrúas que oscilarán entre os 2,50 metros e un máximo de 6,00 metros.

Ademais contémpase a plantación de 27 árbores e a instalación de 12 farolas con tecnoloxía led, 6 bancos, papeleras, dispensadores de bolsas para excrementos de cans

e paneis informativos para colocación de información municipal.

Tamén se reducirá o límite de velocidade aos 30 km/h e créase unha zona a maiores de carga e descarga.

O alcalde Xosé e a concelleira sinalan que esta acción, xunto coa humanización do primeiro tramo da rúa San Roque que xa está executándose, a obra de saneamento e mellora do Alto da Glloria, o tramo da rúa Fernández Vega fronte praza da abastos-auditorio a piques de arrancar, a mellora da eficiencia enerxética do conservatorio e da escola infantil municipal, ademais doutras moitas obras, nestes meses Ponteareas ten execución obras por máis de dous millóns de euros e son exemplo da "transformación por completo da vila converténdoa nun lugar pensado para a xente, no que vivir, pasear e desfrutar".

## Ponteareas entregou os premios de teatro amator



A concellería de Cultura que dirixe Fernando Groba entregou os premios Ponteatro 2019 no marco da terceira edición de teatro amator. Dez premios repartidos nas seguintes categorías:

-Mellor actriz secundaria, Marina do grupo de teatro Pedra do Cabalo de Celeiros polo papel de criada Amadora Francisca en "Queremos casar á filla".

-Mellor texto, "O Pequeno Poni" de Petanaporta Teatro de Marín.

-Mellor dirección, Manuel Solla de Ilusionistas de Ponte Caldelas coa obra "A festa da primavera".

-Mellor escenografía, grupo de teatro de Xinzo pola obra "Todo queda na casa".

-Mellor actor secundario, Gabriel polo seu papel do

tuno Breogán na obra "Simplemente persoas" do grupo de teatro Pena do Equilibrio.

-Mellor actriz principal, Merche do grupo de teatro Petanaporta pola súa interpretación da nai de Breixo, o mozo acosado en "O pequeno poni".

-Mellor vestiario, Ilusionistas de Ponte Caldelas pola obra "A festa da primavera".

-Mellor obra, "Todo queda na casa" do grupo de teatro de Xinzo.

-Mellor actor principal, Javi polo seu papel de Brais na obra "Simplemente persoas" do grupo de teatro Pena do Equilibrio.

O público quixo entregar o seu premio á obra "Queremos casar á filla" do grupo de teatro Pedra do Cabalo de Celeiros.

## FUCO PRADO



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Marcos Porto renuncia á presidencia do Club Ciclista Ponteareas

O Presidente do Club Ciclista Ponteareas presentou a renuncia ao seu cargo unha Asemblea Extraordinaria o pasado 25 de outubro, motivado a compromisos persoais e a considerar que cumpriu a labor que se propuxera ao fronte do club.

Hai 3 anos e medio que o seu Presidente Marcos Porto Isla, collía as rendas do Club Ciclista Ponteareas, xunto con outras 10 persoas na Directiva do mesmo, atopándose nese momento o Club case ao bordo da desaparición, con moi poucos nenos e nenas, sen practicamente subvencións, sen diñeiro nas contas e cunha imaxe do mesmo bastante deteriorada.

Actualmente ten unha Es-



cola de Ciclismo de referencia en Galicia, con mais de 100 nenos e nenas, co apoio económico das Institucións e de patrocinadores e colaboradores.

A Escola conta con ciclistas nas modalidades de Estrada ata a categoría de Junior incluída, Minibtt, XCO, ciclocrós, enduro e descenso, com-

petindo en moitas ocasión no mesmo día ata en 6 competicións distintas e con pódiums en todas elas.

Marcos Porto, deixará o cargo, pero non se desvincula da entidade, xa que continuará axudando no que o Ponteareas necesite e axudando á nova directiva.

## Villar solicita partida presupuestaria para o Plan Parcial da Lomba

O Grupo Municipal do PP presentou unha moción para que goberno e oposición aproben conxuntamente o inicio do expediente para a redacción e posta en marcha do Plan Parcial da Lomba en Ponteareas.

“Este plan significa moito para o noso municipio, que actualmente, e tras a aprobación en agosto do PXOM, segue sen ter chan industrial. As empresas vanse a municipios veciños como Mos, Salvaterra ou Porriño e estámolos quedando atrás. A situación financeira mellorou en 2016 tras finalizar o Plan de Saneamento que impulsou o PP, non hai motivos para non destinar diñeiro a este plan,

é unha prioridade”, explicou a portavoz.

Os populares consideran que se está prexudicando a todo o tecido empresarial de Ponteareas, “coñecemos empresarios que queren crecer e non poden e outros que queren instalarse aquí e como non hai chan vanse a outros municipios. Isto prexudica aos nosos empresarios e á xeración de emprego na zona”,

Os populares esperan que todos os grupos posiciónense a favor desta moción e por fin salga adiante un plan que leva demasiado tempo estancado. “Imos instar ao goberno a que reserve unha partida para desenvolver este Plan, esperamos que haxa consenso absoluto”.

## Segundo o PP Ponteareas queda sen servizo de axuda no fogar

O Grupo Municipal do PP de Ponteareas lamenta o escurantismo e a nefasta xestión deste goberno bipartito, que en marzo de 2019, foron coñecedores da decisión do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de admitir a trámite a denuncia interposta pola Asociación Estatal de Entidades de Servizos de Atención a Domicilio.

“Mantivérona en segredo ata onte, día no que o alcalde Represas viuse obrigado a decretar a nulidade do contrato. Ponteareas queda sen servizo de axuda no fogar. Máis de 70 familias veranse afectadas por esta decisión. No ano 2018 o alcalde incrementou nun 25% o custo do servizo de atención a domicilio que viña prestando unha empresa privada. Represas privatizou o servizo durante catro anos por case tres millóns de euros. O PP advertiu que os pregos non cumprían e que o expediente era erróneo, pero non acudiu aos xulgados. Si o fixo a Asociación Estatal de Entidades de Servizos de Atención a Domicilio, que presentou un recurso ao expediente e o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia



deulles a razón, comunicando en marzo de 2019 ao Concello de Ponteareas a resolución que obrigaba a anular o acordo levado a pleno no seu día”, explican os populares.

Ante o decreto do alcalde publicado onte, o PP decidiu solicitar a convocatoria urxente da comisión Informativa de Servizos Sociais porque “isto non afecta só as familias que fan uso do servizo, senón aos traballadores que o prestan”.

## O goberno responde as acusacións do PP sobre o servizo no fogar

A concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, aclara que o servizo de axuda no fogar estase a desenvolver con normalidade e seguirá a desenvolverse sen ningún tipo de cambio nin interrupción e desminte así as falsidades difundidas polo Partido Popular nun novo intento de confundir e alertar innecesariamente á cidadanía.

“Xa é hora de que os concelleiros e concelleiras do PP sexan conscientes do cargo que ocupan e da obriga de desempeñalo coa seriedade e a rigurosidade que implica”.

Carrera pide ao Partido Popular que deixe de mentir e preocupar á veciñanza sen fundamentos e máis nun ámbito como os servizos sociais tan delicado.

“Non hai necesidade de

preocupar nin aos usuarios e usuarias nin aos traballadores deste servizo que seguirán con estabilidade desenvolvendo as súas tarefas”.

A concelleira explica que houbo que anular o anterior procedemento e se procedeu a abrir un novo procedemento que non implica ningún tipo de consecuencias para os beneficiarios/as.

O alcalde Xosé Represas recrimina ao PP a súa falta de seriedade e sensibilidade facendo unha política destrutiva. “O Partido Popular, ao igual que todos os grupos da Corporación, acceden a toda a información grazas á transparencia coa que traballa este goberno pero o que deben facer é unha lectura correcta e non unha lectura falsa e alarmante desvirtuando a realidade”.

## PONTEAREAS

## As motos conquistan o concello no II Terras Meigas Rider Roadbook

En motos e 150 participantes pecharon a inscrición do Terras Meigas Rider Roadbook 2019, un evento que arrancará por segundo ano consecutivo dende diante da Casa do Concello de Ponteareas para percorrer guiándose cun roadbook ou libro de ruta as comarcas do Condado e da Paradanta e grande parte da provincia de Pontevedra chegando a concellos ourensanos como o de Melón.

Este ano a proba presenta unha novidade e convértese en internacional adentrándose nas localidades portuguesas na fronteira.

Os e as motoristas terán a ocasión única de descubrir puntos de grande interese paisaxístico e tamén poderán admirar boa parte do noso patrimonio histórico. Ademais de degustar produtos locais tradicionais como as rosquillas de Ponteareas ou o requeixo das Neves.

Chegadas de distintos puntos da xeografía española e portuguesa tomarán esta fin de semana o noso concello grazas á iniciativa do ponteareán José Manuel Peixoto que, co apoio de voluntarios e colaboradores, deseñou unha ruta de asfalto e outra de modalidade trail para que, indepen-

dentemente do tipo de moto, todos e todas as afeccionadas puideran participar.

A ruta de asfalto percorrerá na xornada do sábado 330 km e na do domingo 121km, mentres que a trail fará 276 km na mañá e tarde do sábado e 111km na mañá do domingo. As dúas alternativas partirán o sábado ás 10:00 horas de diante do concello e rematarán no Paseo Matutino na cafetería Balú para cear no Centro Artístico Sportivo e desfrutar coa actuación de Manquiña no Jota.

O domingo as motos arrancarán as nove da mañá dende o Paseo Matutino para percorrer a fondo algunhas parroquias



do noso concello e algúns concellos veciños da nosa comarca e de Portugal. A xornada remata ao mediodía no centro de interpretación co río Tea (CITEA) no que reporán enerxías e desfrutarán da música de Voces do Arrieiro. Pero esta non é a única actuación musical xa que tamén actuará Gabriel Cracium e a música de Loop discomovil en diferentes puntos da ruta.

O concello porá a disposición dos participantes o pavillón do instituto Val do Tea para pernoctar na noite do sábado para o domingo.

A tenente de alcalde e concelleira de Eventos, Cristina Fernández, agradece o esforzo da organización e salienta a importancia deste tipo de eventos que atraen visitantes e contribúen na dinamización da economía local.

## Arranca o curso de adestrador Licencia UEFA B

O Concello de Ponteareas e a Escola de Adestradores da Federación Galega de Fútbol presentaron no Centro de Desenvolvemento Local o curso de adestrador Licencia UEFA B que equivale ao antigo Nivel 1 e que se imparte xa nas instalacións municipais.

Este curso capacitará a quince mozos e mozas que terán un recurso laboral máis, así o

destacou o concelleiro de Mocidade, Miguel Bouzô, en representación do goberno na apertura do curso na que estivo acompañado do vicepresidente da federación, Fernando Iglesias, e do coordinador dos cursos tamén da Federación Galega de Fútbol, José Luis Mosquera.

Bouzô agradeceu á Federación a impartición deste curso que tan só se celebra en dezaseis cidades e vilas galegas

e que prepara futuros profesionais abrindo as portas a moitos mozos e mozas a novas expectativas laborais.

“Facilitándolle estas instalacións satisfacemos a demanda existente non só no noso concello se non tamén nos concellos veciños da área metropolitana, ofrecendo formación preto dos seus domicilios sen desprazamentos custosos”.

O concelleiro de Mocidade



engadíu que en Ponteareas hai máis de 700 futbolistas federados. Destes, máis de 500 son de fútbol base, “un dato que amosa a necesidade de formar profesionais que dean cobertura a estas escolas de fútbol”.

“A labor formativa desempeña un papel extraordinariamente

importante dentro da Federación, e por extensión no fútbol galego. Motivo polo que procuramos que cada técnico teña as máis amplas garantías e que estea avalado por unha formación de calidade con un título acreditativo da mesma”, explica José Luis Mosquera.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,  
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres  
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Pazo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA  
(Pontevedra)

Tel/Fax 986 66 15 41



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## O alumnado dos IES celebrou no auditorio o Erasmus Day

Os institutos celebraron o ERASMUS DAY no Auditorio de Ponteareas para difundir os proxectos Erasmus+ e falar da experiencia vivida durante tres cursos escolares dende o 2016 ata o 2019.

A tenente de alcalde e concelleira de Ensino Cristina Fernández explica que o proxecto “Endangered languages, cultural diversity and integration in the EU of the XXI Century” é o resultado da idea promovida por Miguel Losada dende Tuam (galego residente en Irlanda) e proposta ao profesorado dos tres IES de Ponteareas: o Barral, Pedra da Auga e Val do Tea.

Os obxectivos principais foron o estudo das linguas galega e irlandesa contextualizadas na súa historia e cultura, para o cal se levaron a cabo distintas actividades lectivas, culturais e lúdicas. Algunhas das cales foron mostradas publicamente neste encontro.

No encontro o profesorado detallaron as actividades que se realizaron como o curso de galego, o yogote, a xestación dunha historia inventada polo alumnado do primeiro ano que



deu lugar á edición do libro, “Mais que valente” que foi presentado no mes de xullo na Feira do Libro de Ponteareas.

Tamén proxectaron o vídeo da obra de “Cuchulain” feita a partir da mesma historia e tamén se presentou como primicia unha curtametraxe animada “Maruxa e Cuchulain” desenvolvida pola Escola de Arte de Ponteareas.

O Concelleiro de Xuventude, Miguel Bouzó, fixo unha reflexión sobre a importancia dunha actividade con esta transcendencia para o alumnado e a disposición por parte do Concello de Ponteareas a colaborar en todo momento para a súa realización.

A modo de avaliación o pro-

fesorado convidou aos participantes presentes a opinar sobre a súa participación no proxecto e proxectaron un vídeo gravado previamente nos tres centros no que daban as súas opinións profesorado, alumnado e familias participantes así como a concelleira de ensino do concello de ponteareas e o propio Miguel Losada. O vídeo foi elaborado pola produtora Que mas ver.

O acto rematou co agradecemento dos profesores implicados no proxecto a toda a comunidade educativa, profesores, alumnado, pais e ao Concello de Ponteareas e escoitando as pandereteiras, Nuria Gesteira e Lucía Pérez Groba.

## Ponteareas participa no noveno seminario sobre compostaxe doméstico e comunitario



O obxectivo de acadar unha vila o máis sustentable posible e ir mellorando as ferramentas que se comparten coa cidadanía para conseguilo, a concelleira de Medio Ambiente Rosa Covelo participa nestes días no noveno seminario sobre compostaxe doméstico e comunitario que se celebra en Valladolid.

Esta novena edición céntrase na xestión da materia orgánica no mundo rural, analizando os pasos que están dando as administracións estatais e autonómicas neste senso e profundizar nas investigacións que se están realizando na actualidade e adentrarse en proxectos de innovación.

Rosa Covelo tamén participará nas visitas técnicas co obxectivo de recoller toda a información posible para aplicalas a futuras accións relacionadas coa compostaxe no noso concello.

A concelleira salienta a importancia da separación de residuos no fogar que é o primeiro paso e que so depende de nós, sen isto non se pode acadar o obxectivo final “O que intentamos conseguir e que coa fase 1, na que xa estamos coas composteiras implantadas no centro urbano, se eliminan os restos orgánicos do contedor verde levándoos á composteira coa que conseguimos un bo compost que volve á terra e completa o ciclo”.

## Homenaxe ao mestre Reveriano Soutullo no noventa aniversario do pasadobre “Ponteareas”

Ponteareas homenaxeou ao mestre Reveriano Soutullo con motivo do noventa aniversario do pasadobre Ponteareas cunha ofrenda floral nos xardíns da Xiralda e un concerto no auditorio municipal a cargo da banda de música Reveriano Soutullo.

Organizado polo concello en colaboración coa Fundación Reveriano Soutullo Otero,

o domingo 20 de outubro tivo lugar á homenaxe deste mestre que chegou a compor máis de 200 pezas para banda de música durante os seus primeiros anos de vida de compositor (1900-1915). Continuou a súa traxectoria coa dirección artística da editorial La Casa editorial Aliér e a composición de toda clase de obras, algunhas delas publicadas con pseudónimo

para banda, orquestra, quinteto e piano, ademais de compor para teatro acompañando as súas partituras ás obras máis exitosas da época. Tivo a súa propia editorial musical e fixo grupo con Juan Vert compondo éxitos recoñecidos polo público e pola crítica. Inquedo e vital, Reveriano Soutullo Otero naceu en Ponteareas no 1880 e finou en Madrid no 1932.



## Acordo para a renovación estrutural da Ponte internacional Salvaterra-Monção

A Xunta de Galicia e o Goberno portugués acordaron impulsar conxuntamente a renovación estrutural da ponte internacional que une Salvaterra de Miño e a localidade lusa de Monção.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, reuniuse o pasado 7 de outubro no Porto co vicepresidente da empresa pública Infraestruturas de Portugal, José Serrano Gordo, nun encontro no que se decidiu iniciar a tramitación dun convenio internacional para a reforma da ponte e a súa posterior ampliación para instalar un carril bici.

Na reunión tamén participaron o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, a alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, e o presidente da Cámara Municipal de Monção, António Barbosa.

De acordo co traballo técnico previo que se vén desenvolvendo e ambos os dous lados da fronteira, a Xunta e o Goberno luso fixaron hoxe unha folla de ruta para acometer a necesaria mellora da ponte internacional, que o vindeiro ano cumprirá 25 anos e rexistra cada día o paso de máis de 9.000 vehículos.

O convenio que tramitarán o Goberno galego e Infraestruturas de Portugal permitirá acometer obras de reforma



estrutural na ponte por un importe de case 700.000 euros, que financiarán ao 50% ambas as dúas administracións. Paralelamente, comezará a traballarse na redacción do proxecto construtivo para ampliar a estrutura e dotala dun carril bici.

Esta ponte, recentemente bautizada como Ponte João Verde e Amador Saavedra, en honor aos poetas das dúas beiras do Miño que escribiron sobre a unión das vilas, celebrará as súas vodas de prata en marzo de 2020.

Na actualidade, os veciños de Monção e Salvaterra comparten servizos, espazos de lecer, infraestruturas e tamén as vantaxes funcionais de ser unha pequena eurocidade. Neste sentido, hai que seguir avanzando e facilitando o seu

día a día a través de proxectos como este de mellora da ponte.

O Goberno galego e Infraestruturas de Portugal coinciden na importancia de potenciar as relacións na Eurorrexión a través das Infraestruturas de comunicación, o que incide no progreso económico e na calidade de vida.

Na reunión, a conselleira de Infraestruturas tamén trasladou o compromiso da Xunta coa mellora das comunicacións co Norte de Portugal, e manifestou a súa confianza en que o vindeiro Goberno de España comparta esa aposta e aproveite os mecanismos de financiamento europeo para impulsar a saída sur de Vigo ou unha nova conexión por autovía que lle dea acceso á poboación do país veciño á liña do AVE entre Galicia e Madrid.

## Proxecto Erasmus+ K2 en Salvaterra

Na semana do 19 ao 25 de outubro, dous centros educativos de Salvaterra, o IES de Salvaterra e o CEP Carlos Casares, acolleron alumnado e profesorado da rexión do Friuli (Italia) e de Istria (Croacia) dentro dun proxecto europeo Erasmus+ K2. Esta mobilidade de alumnado e profesorado será unha das actividades programadas este curso, no terceiro ano de implantación do proxecto, no que baixo o título RUSH (Re-and-up-skilling), participan oito socios que representan a tres rexións cunha lingua propia minorizada: o galego, o friuliano e o croata.

Os oito socios, deste ambicioso proxecto europeo, no que participan alumnado de primaria e secundaria son O CEP Carlos Casares, o IES de Salvaterra, a Consellería de Educación, O Convitto Nazionale Paolo Diacono de Cividale del Friuli (Italia), o Comune de Cividale, a Agenzie Regionâl pe la lenghe Furlane, a Scuola Elementare Bernardo Benussi de Rovigno (Croacia) e a Unione Italiana de Croacia.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*

## CONDADO/PARADANTA

## SALVATERRA DE MIÑO

## Mellora de camiños municipais en Lourido, Fornelos e Meder

A Alcadesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, ven de asinar o contrato da obra "Mellora de camiños municipais en Lourido, Fornelos e Meder" coa empresa adxudicatária do concurso público Naron SL, financiada con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 e achega municipal con cargo ó orzamento do Concello, por un total de 64.603,11 euros.

A execución desta obra pretende satisfacer a necesidade de mellora de dous camiños municipais, o primeiro deles atravesa as parroquias de Lourido e Fornelos, discorrendo entre os núcleos de Cotorreal e En-



xembre; o segundo localízase na parroquia de Meder, nas inmediacións do núcleo de Codeseda. En ambos camiños o firme actual é de aglomerado asfáltico, atopándose este nun estado notablemente deteriorado. Por iso se plantexa executar unha nova capa de rodadura sobre o pavimento asfáltico existente, para mellorar a calidade e seguridade de ambos camiños. A obra conta cun prazo de execución de 5 meses

## Melloras na Rúa Rosalía de Castro e no Campo da Feira

A Alcadesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, asinou o contrato coa empresa Vías e Servizos Compostela SL, para a mellora da capa de rodadura da PO 400 dende a glorieta existente na Rúa Castela ata a glorieta da PO 510 coa PO 402 e a propia PO 400, estrada que a Xunta de Galicia ven de traspasar ao Concello.

As obras consisten nunha renovación completa da capa de rodadura e fresado. A pavimentación definitiva estenderase e compactarase nunha capa de rodadura de mezcla bituminosa en quente tipo AC 16surf 50/70 D. Ademais efectuarase a limpeza



das marxes con apertura de cunetas, e a mellora das beirarrúas na zona do Campo da Feira, co ensanchamento das mesmas a unha distancia de 1 metro en ambos marxes, mellorando a accesibilidade da estrada. Todas estas actuacións, en palabras da alcaldesa, fanse pensando sempre nos peóns, nas persoas e na súa calidade de vida, facendo unha Salvaterra máis accesible.

## Salvaterra solicita á Deputación a continuidade de beirarrúas na EP 4006

O pasado 30 de setembro o grupo de Goberno do Concello de Salvaterra de Miño levou ao Pleno da Corporación unha proposta da alcaldía, apoiada por unanimidade por todos os grupos, onde se solicitaba a Deputación de Pontevedra a continuidade de beirarrúas na EP 4006 Pontearas – As Neves, no trazado antigo, ao seu paso polo CEIP Leirado.

A Alcadesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, expuxo a gran necesidade de acometer esta obra tendo en conta que o CEIP Leirado encóntrase neste tramo antigo da EP 4006 Pontearas – As Neves, pertencente a Deputación, colexio ao cal diariamente se despraza un número moi elevado de nenos e nenas andando, e tendo en conta tamén, que nesta estrada existe un tráfico rodado moi importante de vehículos, xa que ademais na zona encóntranse ubicados

un número importante de establecementos comerciais.

No seu momento acometérase unha primeira fase de construción de beirarrúas e instalárase un paso elevado de peóns, quedando pendente a segunda fase. Nese sentido o Pleno da Corporación, a petición do grupo de goberno, ven de solicitar a Deputación de Pontevedra que leve a cabo, o antes posible, as obras de urbanización de dúas beirarrúas dende o Colexio ata a intersección coa PO 402, de 260 m na marxe dereita do colexio ao cruce e de 230m na marxe esquerda, e da PO 402 á EP 4006 unha beirarrúa de 320m, co fin de dotala máxima seguridade ao tránsito diario de nenos e nenas que se desprazan ao colexio e dos veciños e veciñas que acoden aos diferentes establecementos que alí se encontran como pode ser o supermercado, a farmacia, ferretería...

**O remendón CERRAJERO**

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplinox**

Rosalía de castro, 61  
Salvaterra de Miño

**637 764 865**  
www.cerrajeroremendon.com

**O noso Eido**

Especialidades en Angulas e Lampiños, Peixes do Río, Chisco e Fritada, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968  
Tél: 986 658 313 - Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)

## SALVATERRA DE MIÑO

## Obra de mellora na rotonda da estrada PO-403 (Salvaterra-Ponteareas)

O Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas, Jose Luís Díez, desprazouse esta mañán ata Salvaterra de Miño, xunto diferentes técnicos da Consellería, para informar á Alcaldesa do municipio, Marta Valcárcel Gómez, das obras que se van acometer na rotonda da PO 403, actuación solicitada polo grupo de goberno no pasado pleno do 29 de xullo, co fin de que se acometeran as medidas necesarias para mellorar a seguridade desa rotonda e polo mesmo da propia estrada, que une Salvaterra con Ponteareas.

Esta rotonda da acceso ao Polígono Industrial Chan da Ponte, con mais de cincocentos empregados e moito tránsito pesado e que se encontra cun difícil e complicado acceso. Ademais hai que ter en conta que por esa rotonda teñen que pasar todos os vehículos que entran polo noso pobo a través da Ponte Internacional e os propios ve-



ciños e veciñas de Salvaterra que se desprazan ata Ponteareas ou ao enlace da A-52, co conseguinte tránsito de vehículos lixeiros e pesados que iso supón a diario. Nese sentido, e sendo conscientes da importancia de acometer esta obra, a Consellería ven de trasladarlle a Alcaldesa o inicio inminente da obra que quedará rematada antes de finalizar o ano.

Ademais desprazáronse ata a parroquia de Oleiros para comprobar o funcionamento do paso de peóns intelixente que se acaba de instalar na zona de As Santas, co fin de



mellorar a seguridade dos viandantes e reducir a velocidade da zona, coa instalación de balizas.

## O Concello e o IES Salvaterra daranlle cor aos espazos públicos



A Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, acordou marcar un proxecto de acción a catro anos para por en valor varios espazos municipais logo de se reunir co Vicedirector do IES Salvaterra, Don Jose Quiroga e a súa profesora de Arte, Dona Paloma Romero.

O programa ten como obxectivos fundamentais, por unha banda, a colaboración do traballo directo cos Centros Educativos, e por outra, a implicación dos máis novos na valoración e recuperación dos entornos máis deteriorados

da vila, a través de proxectos educativos como decoración de bancos públicos ou expresións artísticas a través de grafitis, da que se encargarán os máis de 20 alumnos e alumnas matriculados nestes intres en Debuxo Artístico de 1º de Bacharelato.

Os espazos contemplados para a materialización destas actividades que buscan potenciar a nosa historia e cultura favorecendo deste xeito á competencia cívica son inicialmente os pasos da vía do tren e as paredes da zona deportiva das piscinas municipais.



## CONDADO/PARADANTA

## AS NEVES

## As Neves acomete a mellora de Rosalía de Castro e a súa contorna por un total de 254.868€

O Concello de As Neves está a executar, dende hai varios días, o proxecto de mellora da mobilidade e segurancia viaria na rúa Rosalía de Castro e a súa contorna. As obras abranguen o ámbito da igrexa, a Praza de San Agustín e o aparcadoiro do Colexio.

Os traballos realízanse con cargo, ao cen por cen, ao plan DepoRemse da Deputación de Pontevedra, contan cun orzamento de 254.868,02€ e estarán rematados en poucas semanas.

Coa obra perséguese recuperar a conexión entre o centro urbano e a zona escolar, mellorar a mobilidade e seguridade e tamén acrecentar a calidade ambiental en todo o ámbito.

Os traballos no aparcadoiro inclúen a retirada da torre de Fenosa, unha antiga demanda da comunidade escolar, e definirán os espazos de aparcamento e de tránsito peonil. Na rúa Rosalía de Castro amplíase unha das beirarrúas, quedando aparcamentos en liña, e crearanse espazos da

calidade ambiental usando o formigón impreso como elemento construtivo.

Na Praza de San Agustín increméntase o espazo, pasando a ser de plataforma única onde predominará o empedrado, que lle confire prioridade aos peóns.

### Cambios no tráfico

Durante a obra está a haber cambios puntais no tráfico como o acceso aos aparcadoiros do cemiterio e a rúa Rosalía de Castro é temporalmente de entrada e saída.



Nos vindeiros días, co avance das obras, a rúa Doutor Martínez será de dobre sentido dende a Circunvalación só para residentes ao estar interrompido o acceso á Praza de San Agustín.

O tráfico, unha vez rematadas as obras será diferente ao actual, acollendo algunhas das demandas veciñais e as propostas de estudo de mobilidade urbana. A rúa doutor Martínez

Rodríguez será de acceso a centro urbano e a rúa Rosalía de Castro permitirá a circulación en dirección ao Colexio, as dúas de sentido único de circulación.

A rúa Esperanza cambiará o sentido do tráfico pasando a ser descendente e a parada de taxis situarase no espazo de aparcamento entre a Igrexa e a Praza Maior.

## As Neves rehabilita catro infravivendas coas subvencións do Plan Rehavita

As Neves vén de recibir do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a concesión de subvencións, con cargo ao Plan Rehavita, para axudar á reparación de catro vivendas radicadas nas distintas parroquias do concello.

A convocatoria 2019 de Subvencións do Programa de Infravivenda do Plan Rehavita, está dirixida aos Concellos de menos de 10.000 habitantes para axudar, con carácter urgente, a aquelas unidades de convivencia que residan, en condicións de propietarios, nunha vivenda que se atope en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos económicos para acometer as obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

As vivendas solicitadas, previa valoración do persoal técnico municipal, reuniron a cualificación de 'infravivenda' por non cumprir as mínimas condicións de habitabilidade, figurando como actuacións subvencionabeis a afectación dos elementos exteriores, estrutura e de seguridade, habitabili-



dade e accesibilidade.

Ao abeiro das bases do Programa de Infravivenda, as subvencións concedidas cobren o 95% do orzamento protexido das obras solicitadas, cun máximo de 15.000€ por vivenda.

O Concello das Neves colabora aportando o 5% do orzamento restante, para axudar a que familias con escasos recursos económicos, poidan acometer a totalidade das obras.

Deste xeito, o importe da subvención é de 28.578,77 € e o Concello asume 2.666,77 € -o 5% restante-, de xeito que o custe total das obras será 31.245,54 €.

O prazo de finalización das obras será o 30 de novembro 2019.

## O Concello destina o remanente do Plan Concellos 2019 as obras no Campo de Fútbol e a creación dunha zona de xogos en Ribarteme



O Goberno local de As Neves vén de aprobar que se destine o remanente do Plan Concellos 2019 da Deputación de Pontevedra á realización de dous proxectos de importancia para o Concello: dunha banda o remate das obras do Campo Municipal de Fútbol, ás que se destinarán 47.000€, e doutra á mellora da área de lecer de San Cibrán de Ribarteme, por un total de 26.760,54€. Esta área está situada na parte posterior da antiga escola da escola da parroquia e, coma demandaron reite-

radamente as veciñas e veciños, precisa dunha actuación que permita a súa recuperación.

Tendo en conta iso, segundo a memoria do proxecto, vaia crear neste lugar un espazo de xogos acondicionado á orografía actual do terreo e mantendo a actual cuberta vexetal. Coma xa se fixera na Escola Infantil de Rubiós, haberá xogos de madeira, unha pequena casa, un circuito para cativos de entre 5 e 14 anos, e dúas novas porterías na parte do campo que se emprega na actualidade para xogar á pelota.

## AS NEVES

## As Neves logran un aumento da reciclaxe, a baixada na recollida de restos orgánicos e a diminución do risco de incendios

O Goberno local segue adiante co plan que ten coma obxectivo converter As Neves nun concello sostible, reducindo cada día a contaminación, traballando polo respecto da natureza e dos seus hábitats, rebaixando o risco de incendios, facilitando ás veciñas e veciños as ferramentas que lles permitan facelo posible e servir de exemplo ás novas xeracións de cidadáns.

O Concello de As Neves entregou nun ano 1.050 composteiros- e impartiu charlas para o seu uso- que están a funcionar xa en outras tantas casas. Simultaneamente, instalou outros 5 Centros de Compostaxe Comunitaria.

Como parte deste proxecto mediambiental, creáronse 'puntos verdes' e o Concello dispón dun novo 'camión guindastre con trituradora' que "permite abastecer de estruturante a composteiros e centros de compostaxe o que reduce as queimas e, con elas, o risco de incendio", subliña Óscar González, segundo tenente de alcalde.

Dentro da "aposta decidida e sostida" pola reciclaxe, que para o Goberno é un dos "pun-



tos clave" da súa xestión, tamén se aumentou o número de contedores para a recollida selectiva de envases, papel e cartón, vidro e roupa, colocados nas 'illas de reciclaxe', espaxadas por todo o territorio municipal.

A comparativa dos resultados dos seis primeiros meses deste ano en relación co mesmo período de 2018, permite comprobar que "a aplicación destas medidas é unha aposta correcta e efectiva".

Proba delo é que neste tempo a reciclaxe de vidro aumentou nun 20,81%, en relación co primeiro semestre do ano pasado; a de envases incrementouse nun 16,02% e a de papel nun 13,87%, mentres

que reduciuse nun 8,7% a recollida de restos orgánicos.

Como parte da mellora deste proceso, o Concello vén de obter da Deputación de Pontevedra unha subvención de preto de 130.000€ para a compra dun novo camiión para a recollida do lixo.

Nestes intres trabállase na elaboración dos pregos para a licitación do mesmo e a súa adxudicación de xeito que no primeiro semestre de 2020 sexa posible contar co mesmo.

Mentres, grazas ao convenio de colaboración con Salceda, polo cal este concello cede a As Neves un 'camiión compactador' os días que se precisan e que non está sendo utilizado en Salceda.

## O Alcalde pide á Xunta que se cumpra en seguridade e prazos nas obras da Escola Infantil

Os traballos para que a nova Escola Infantil de As Neves sexa unha realidade seguen adiante, aínda que non coas garantías de seguridade necesarias e co ritmo para cumprir cos prazos comprometidos.

Como verificaron membros do Goberno Municipal, as obras

da nova Escola Infantil de As Neves están indo moi lentas e incúmprense normas elementais de seguridade, aínda máis considerando que as mesmas se realizan preto dun centro de ensino de Educación Infantil e Primaria.

Este feito causa malestar na Asociación de Nais e Pais de

Alumnos (ANPA) e a dirección do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé. O alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, deu aviso desta circunstancia á Xunta de Galicia en varias ocasións.

É por isto que, dende o pasado día 24, o alcalde deu orde de deter os traballos no horario de entrada e saída dos rapaces.

## Proxectos sociais financiados pola Fundación La Caixa

O Goberno local de As Neves vén de enviar a todas as veciñas e veciños da vila unha carta na que informa da posta en marcha, dende o mes de novembro, de varios proxectos sociais, que poden realizarse grazas á achega da 'Fundación La Caixa'.

Estes tres proxectos, que serán totalmente gratuítos para quen queira participar neles, son: Alfabetización, destinado a persoas que queiran aprender ou mellorar o seu nivel de lectura e escritura. O mesmo terá 5 meses de duración; Técnicas de búsqueda de emprego, destinado a persoas en idade activa (de 25 a 65 anos), ao longo de dous meses; e Interven-

ción Socio-comunitaria, para persoas de máis de 55 anos, que durará 5 meses e que se impartirá nos locais das parroquias abrangendo actividades coma obradoiros, xogos, parladoiros nos que compartir saberes, tempo e intereses dun xeito ameno.

Todas as persoas interesadas poderán anotarse nas oficinas dos Servizos Sociais Municipais, ou a través do teléfono 986 667 134.

Nas vindeiras semanas, persoas do grupo de Voluntariado de As Neves, visitarán as casas do concello para informar e animar á participar nestas actividades, que pretenden fomentar redes de apoio entre as persoas das distintas parroquias.

## O Concello entrega aos veciños un modelo de alegación contra o trazado da Liña de Alta Tensión

O Concello de As Neves confeccionou un modelo de alegación que será empregado polas veciñas e veciños que se opoñan ao trazado da Liña de Alta Tensión que Rede Eléctrica Española ten a intención de facer pasar por Vide.

Este é un dos acordos aos que chegaron e veciños da parroquia e os membros do Goberno Municipal co alcalde, Xosé Manuel Rodríguez e o tenente de alcalde, Marcelino Couto, ao fronte, na xuntanza mantida o pasado día 17, na Casa da Auga.

As veciñas e veciños deixaron clara a súa postura contraria á actual proposta de trazado da liña de alta tensión, e ao proxecto en xeral, polas negativas consecuencias que

causaría na comarca.

O domingo 27, coincidindo coa reunión da Comunidade de Montes, o modelo de alegación foi entregado ás persoas que queiran cursala e todos os mesmos tramitaranse dende o propio Concello para facilitar a súa presentación.

Na mesma xuntanza, o Goberno local asumiu o compromiso de contactar, dende a Alcaldía, cos demais Concellos afectados na zona (Monção, Melgaço, A Cañiza e Arbo) e a encabezar a mobilización fronte a este proxecto.

O Goberno municipal tamén acudirá á euro-parlamentaria galega Ana Miranda para expoñerlle este asunto e pedir que o mesmo se poña en coñecemento das autoridades e organismos da Unión

## CONDADO/PARADANTA

ARBO

## Arbo dí non unha vez máis á linea de alta tensión

O Pleno municipal do Concello de Arbo, en sesión extraordinaria urxente do día 24 de outubro, acordaba por unanimidade dos membros do plenario mostrar o seu rexeitamento contra a Línea 400 KV Fontefría-Frontera Portuguesa.

O día 16 de setembro de 2019 o Concello de Arbo recibe expediente para estudo de viabilidade dun trazado alternativo do tramo final da Línea 400 kV Fontefría-Frontera Portuguesa que discorre entre o límite do veciño concello de As Neves e o barrio

de Rozas, dentro da parroquia de Sela, e que combina co solicitado polo Concello de Arbo no ano 2013, alternativa que tanto o Concello como a veciñanza rexeitan como xa fixeran coa anterior proposta que discurría polos barrios de Valiñas e Poste.

Horacio Gil, alcalde de Arbo, manifesta que, como non podería ser doutra maneira, o Concello e él como alcalde, defenderán sempre o interese de todos os veciños e veciñas de Arbo, mantendo a postura de rexeitamento de calquera liña de alta tensión

que poidera afectar a calquera zona dentro do territorio deste municipio, como se recolle no escrito de alegacións que o plenario acordou remitir ao Ministerio. Tamén se insiste neste escrito no rexeitamento á afección orixinaria aos barrios de Valiñas e Poste, pedindo o arquivo do expediente, así como considerar inviable a conexión coa alternativa proposta polo barrio de Rozas, pola afección ás persoas, ás súas propiedades e ao patrimonio, ademais de non contar con saída ao enlace co país veciño.

## O Concello asina un convenio de colaboración coa "Asociación de Pensionistas y Jubilados de Arbo"

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil, e o presidente da "Asociación de Jubilados y Pensionistas de Arbo" firman un convenio de colaboración por un importe de 800€ para a realización de talleres, excursións e outras actividades destinadas a maiores e xubilados.

A Asociación de "Jubilados y Pensionistas de Arbo", dispoñen dun local cedido polo Concello de Arbo, donde os socios se reúnen para realizar todo tipo de actividades, segue informando o rexedor.



Durante a reunión do alcalde e os membros da nova directiva, o presidente informou que se pretende mellorar o

local e equipalo para destinalo a local social donde reunirse, charlar, xogar, leer e outras actividades proxectadas.

## San Blas e San Pedro festivais locais no 2020

O Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2019, aprobou a Proposta sobre os Festivais Locais para 2020.

Para os efectos de com-

pletar ese calendario laboral no que respecta a Arbo, se aprobaron os festivais de carácter local para o ano 2020 o 3 de febreiro, luns: "San Blas" e 29 de xuño, luns: "San Pedro".

Esta decisión unánime do Pleno foi determinada ao coincidir no vindeiro ano 2020 San Roque e San Bieito, festivais locais por tradición, en sábado e domingo.

## Convenio para obras en camiños de Cabeiras e Sela

O director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois, e Horacio Gil, Alcalde de Arbo, asinaban o día 8 de outubro un convenio de colaboración para a obra de: "Pavimentación dos camiños de acceso ao lugar de Merelle e Porta Feito"



As obras, consisten en alargar o camiño de acceso a Merelle, ata alcanzar un ancho medio de 5,00 m., para posteriormente dotalo dunha capa de rodadura con mestura bituminosa en quente. Todo iso nunha lonxitude total de 373,00 metros lineais e dotar dunha capa de rodadura con mestura bituminosa en quente ao camiño de acceso a Porta Feito, en 185 ml, o

cal se atopa actualmente en saburra. Completarase a actuación sobre o camiño, coa instalación dun sinal de STOP, e o pintada das marcas viarias de bordo de 15 cm de ancho.

As obras enmarcadas dentro do Plan de Infraestruturas Rurais 2019, teñen a financiación do 100% da obra por parte da Consellería do Medio Rural e o importe ascende a 46.902,09€.

## Samain 2019 en Arbo

As actividades enmarcadas dentro do Samain 2019 e teñen lugar os días 31 de outubro e día 2 de novembro.

O día 31 de outubro e coincidindo que ese día e non lectivo no CEIP Antonio Carpintero, dende ás 9 ás 14 horas realizaranse obradoiros, xogos.... Esta iniciativa xurde tendo en conta que os máis cativos do concello ese día non asistirán a clase por ser o día do ensino, o que supón que esta actividade ven a axudar a que os pais teñan

onde deixar aos nenos e nenas no caso de que teñan que traballar. A inscrición realizarase nas oficinas xerais de Casa do Concello e o prazo para inscribirse remata o 29 de outubro.

O día 2 de novembro dende ás 17.30h ata ás 20.30 horas, no Multiusos do Concello de Arbo, terá lugar a Festa Terrorífica, con túnel do terror, xogos, bailes, desfile de disfraces con sorpresa os 3 primeiros de cada categoría e para rematar discoteca infantil.



## MONDARIZ

## Vilasobroso reclama a súa “debeda histórica” con Mondariz por vía xudicial

**O Concello de Mondariz débelle a Vilasobroso máis de 100.000 euros dos impostos que ingresou polos seus habitantes nos últimos 6 anos**

A Entidade Local Menor de Vilasobroso decidiu dar continuidade á demanda xudicial iniciada contra o Concello de Mondariz para reclamar como mínimo o 25 por cento da recadación fiscal municipal correspondente aos seus habitantes, un dereito recoñecido na Lei de Administración local de Galicia que nunca se fixo efectivo.

"Tras décadas de negociacións e silencio administrativo por parte do Concello, será a xustiza a que dea solución a esta demanda histórica", afirma Alexandre Estévez, presidente da E.L.M. de Vilasobroso.

A Lei de Administración local de Galicia (artigo 164

relativo á facenda das entidades locais menores) reconece o dereito das entidades locais menores a percibir como mínimo o 25 por cento dos impostos municipais correspondentes aos seus veciños e veciñas, a cambio do coidado do patrimonio e da limpeza de camiños ("A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no decreto de creación. Esta participación non será en ningún caso inferior ao vinte e cinco por cento dos que se devenguen no ámbito territorial da entidade", textualmente na Lei 5/1997 do 22 de xullo). Vilasobroso é

entidade local menor desde 1924, pero nunca recibiu esa recadación fiscal.

Esta "demanda histórica" pasou pola man de todos os alcaldes de Mondariz desde a democracia. Tentouse negociar durante o goberno de Juan Reboreda, aínda que se formalizou cando Francisco Rico era presidente da xunta veciñal da E.L.M. de Vilasobroso e Julio Alén alcalde Mondariz (ambos do Partido Popular). Durante o goberno de Xoan Carlos Montes Bugarín (Alternativa por Mondariz) fíxose outro requirimento e emprazouse ás dúas administracións locais a negociar as competencias que se deberían asumir a cambio dos impostos, pero non houbo ningún avance. A principios do 2019, en contra da Lei de Administración Local, negáronse de novo ás transferencias, aludindo irregulari-



Xunta veciñal saínte e entrante nas pasadas eleccións.

dades formais nun informe de Secretaría do Concello. Ante esta situación, Vilasobroso deu inicio a un contencioso administrativo similar ao que gañou Morgadáns, tamén entidade local menor, contra Gondomar.

"Somos partidarios da vía negociada e sabemos que o novo alcalde de Mondariz, Xosé Emilio Barros, defendeu o dereito das entidades locais menores ao 25 por cento cando era concelleiro do BNG na oposición, pero o contencioso continuará porque as transferencias non poden depender do alcalde de turno", explica Alexandre

Estévez, compañeiro de partido. "Estas transferencias non deben ser vistas como un privilexio, senón como unha responsabilidade: ninguén mellor que nós, desde Vilasobroso, saberá como investir eses cartos; hai que fortalecer o modelo local e parroquial, defendendo os dereitos adquiridos, sobre todo no rural", continúa.

Se a xustiza lle dá a razón a Vilasobroso a principios do ano que vén, Mondariz terá que ingresar anualmente 15.000 euros a esta entidade local menor, ademais de pagar os 6 anos anteriores que aínda non prescribiron.

## A Xunta rexeita o Plan Económico Financieiro aprobado en Mondariz

A Consellería de Facenda da Xunta de Galicia notificou ao Concello de Mondariz que o Plan Económico Financieiro aprobado o pasado 27 de setembro, no último Pleno da Corporación Municipal, "non inclúe as tendencias cuantificadas de ingresos e gastos dos exercicios 2019 e 2020, o cálculo de estabilidade orzamentaria e do gasto computable de ambos exercicios", e instoulle a aprobar un novo documento que conteña "unha cuantificación económica das previsións para os exercicios 2019 e 2020".

O Concello de Mondariz tivo que elaborar nos últimos meses un Plan Económico Financieiro para corrixir un desaxuste de

56.876,90 euros correspondente ao exercicio 2018 na denominada regra de gasto, pois así o obriga a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto.

Neste documento, que o goberno municipal presentou no Pleno sin mudar a proposta técnica do servizo de intervención do Concello, determináanse as causas do desaxuste e propóñense una serie de medidas referidas aos ingresos e gastos para os anos 2019 e 2020. "Por criterio técnico, o Plan Económico Financieiro que se aprobou en Pleno non concretaba as

cantidades estimadas de ingresos por cada medida; iso é o que reclama a Xunta agora", explica o alcalde, "O equipo de goberno apuntou que existía este risco durante o proceso de elaboración do plan, pero tecnicamente non foi considerada esta opinión. A única cantidade que se concretou no documento, por proposta expresa do equipo de goberno, foi a referida ao salario correspondente á segunda dedicación exclusiva: os 16.425,24 euros que deixou de percibir un membro do goberno desde xuño e xa foron dirixidos a corrixir ese desaxuste nas contas".

O servizo de intervención do Concello de Mondariz, responsable da elaboración do Plan Económico Financieiro,



deberá incluír agora unha estimación de ingresos para as medidas propostas no documento, entre as que figura a aprobación dunha ordenanza fiscal sobre unha taxa referida ás licencias urbanísticas municipais ou a contención de gastos en áreas como a conservación de inmoables. "Moito nos tememos que, ao incluír prognósticos sobre 2019 e 2020, as medidas poden ser máis duras, e a necesidade dun novo orzamento municipal, ineludible", advirte Barros.

O documento será sometido

novamente a votación na próxima sesión do Pleno da Corporación Municipal. Na primeira votación, o pasado 27 de setembro, foi aprobado con sete votos a favor (3 de BNG, 1 de PSOE, 2 de PP e 1 de Ciudadanos) e catro abstencións (Alternativa por Mondariz).

Para o equipo de goberno, "esta resposta da Xunta de Galicia era esperable", tendo en conta a situación económica do Concello de Mondariz, derivada, en parte, da prorrogação duns orzamentos pensados para o exercicio 2017.

## Plan de pagos para solucionar a débeda da electricidade do Concello da Cañiza

O alcalde da Cañiza, Luís Piña, asinou un contrato con Unión Fenosa Distribución e con Gas & Power do grupo Naturgy, para pagar a electricidade consumida polo concello de outubro do 2018 ao 31 de xullo de 2019. Dez meses anteriores á chegada do novo equipo de goberno. O importe, mais de 262.256 euros, será pagado nos próximos dez meses. Con este acordo e cos pagos realizados nas últimas semanas, entre xullo e setembro, por valor de 244.179 euros pola débeda das facturas de setembro de 2017 a agosto de 2018 trátase de pórle fin á enorme débeda de case medio millón de euros que o anterior goberno de Miguel Domínguez deixou sen pagar. A débeda total por atrasos que o novo equipo de goberno atopou a 30 de xuño deste ano ascendía a 489.408 euros. A compañía eléctrica notificou o Concello o corte de electricidade polos continuos incumprimentos de pagos. A firma deste contrato, que supón un "importantísimo esforzo" para as



**O anterior goberno deixou sen pagar case 490.000 euros. A compañía Eléctrica notificou o Concello que lle cortaría o servizo**

arcas municipais, trata de pórle fin a este problema.

### **Irregularidades no enganche de Augas Férreas**

Estes atrasos cos pagos das facturas non é o único problema eléctrico que tivo que afrontar o goberno de Luís Piña. O 28 de agosto deste ano Unión Fenosa Distribución cortou o subministro eléctrico ao campo de fútbol de Augas Férreas, a tres pozos de subministro de auga potable do casco urbano, e a unha zona de alumado público -A Calzada- porque o enganche non tiña contrato nin contador. A situación foi resolta en poucas

horas coa contratación por vía de urxencia dun grupo electrógeno por parte do alcalde para poder seguir dando servizo aos veciños e veciñas. O estupor foi grande porque se trata dunhas instalacións xa de bastantes anos, a última gran remodelación data do 2006. a situación xa esta normalizada e a débeda coa empresa eléctrica pagarase nos próximos dez meses. Ademais o concello terá que afrontar unha elevada inversión duns novos contadores, a elevación da potencia contratada, e facer obra para o tendido eléctrico.

## Mondariz modifica o orzamento para cubrir gastos básicos

O Concello de Mondariz celebrou una sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que incluía na orde do día unha proposta de modificación orzamentaria para transferir créditos a partidas relacionadas cos gastos básicos que resultou finalmente aprobada por valor de 21.605,68 euros.

Á falta de varios meses para pechar o ano, partidas coma as de servizos sociais comunitarios ou reparación de maquinaria e vehículos estaban case a cero ou mesmo en números vermellos; en parte, debido ao feito de que Mondariz funciona en 2019 cun orzamento prorrogado desde 2017.

Co obxectivo de atender gastos básicos para os que non había partida orzamentaria suficiente de aquí a final de ano, o equipo de goberno preparou unha proposta inicial de modificación orzamentaria por valor de 52.634,64 euros, dos cales 13.700 euros dependían dun decreto da Alcaldía e 38.934,64 euros debían ser sometidos á votación do Pleno. Esta última cantidade, aparte de partidas especialmente pensadas para 2017 como a do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) ou a da elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT), incluía 17.328,96 euros correspondentes ao pago das asistencias dos concelleiros da Corporación aos distintos órganos municipais e o pago aos grupos políticos

no que resta de ano.

Esta proposta de incluír as partidas de carácter político na modificación orzamentaria non foi acordada en Pleno, pois contou con cinco votos a favor (BNG, PSOE e Ciudadanos) e seis en contra (AporM e PP). A emenda presentada polo PP, na que se pedía que o alcalde aportara parte do seu salario, foi rexeitada polos outros grupos políticos representados no Pleno.

Como non houbo acordo sobre as partidas de carácter político, tívose que reformar a proposta inicial de modificación orzamentaria que debía ser sometida á votación do Pleno, pasando de 38.934,64 a 21.605,68 euros. Ante esta situación, o goberno indicou que "esta transferencia é insuficiente para cubrir os gastos até final de ano".

Por decreto da Alcaldía aportáronse fondos para pagar a persoal do Concello. Por decisión do Pleno aprobouse unha transferencia de créditos a diferentes partidas relacionadas con outros gastos básicos do Concello que é preciso atender para garantir a calidade dos servizos municipais e evitar problemas económicos a final de ano. Aos servizos sociais comunitarios destináronse 7.244,27 euros, mentres que ao pago de facturas a provedores foron 14.361,41 euros. Esta transferencia de créditos foi aprobada con 5 votos a favor (BNG, PSOE e Ciudadanos) e 6 abstencións.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO  
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS  
FORMACIÓN PARA ADULTOS

**TEMPOS**  
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B  
654 07 57 51